CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA A IMPLEMENTACIÓN E AVALIACIÓN DUN PROTOCOLO COMÚN EN MATERIA DE ACOMPAÑAMENTO PSICOLÓXICO AO ESTUDANTADO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

- Que o Conselleiro de Sanidade formalizou o 17.11.2026 coas Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo o instrumento convencional arriba referido, que terá vixencia dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31.12.2026.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo, *"establecer a colaboración entre as partes para a implementación e avaliación do protocolo común en materia de acompañamento psicolóxico ao estudantado universitario, elaborado polas partes en virtude do convenio asinado en data 30 de outubro de 2025, garantindo a súa aplicación efectiva, o desenvolvemento operativo, a coordinación cos recursos sanitarios e comunitarios e a medición dos seus resultados e impacto."*

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

- Que o instrumento convencional asinado fundaméntase, segundo o seu texto, en que:

"en data 30 de outubro de 2025 foi asinado o Convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade de A Coruña e a Universidade de Vigo, para a elaboración dun protocolo común en materia de acompañamento psicolóxico ao estudantado.

Unha vez elaborado este, cómpre proceder á súa efectiva implantación e posterior avaliación, o que permitirá non só comprobar o impacto real do protocolo, senón tamén introducir axustes e melloras de xeito progresivo, asegurando así que o acompañamento psicolóxico responde axeitadamente ás necesidades cambiantes do estudantado universitario.

O proxecto está aliñado co Plan de Acción Saúde Mental 2025-2027, no eixo Liña 5: Abordaxe de problemas de saúde mental en contextos e colectivos de maior

Documento asinado dixitalmente por:
Luis León Mateos (19/11/2026 08:57 CET)
https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-28de62be-76f4-4568-b6fa-ca798cac06e8

XERENCIA DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE
Complexo Administrativo de San Lázaro
15781 Santiago de Compostela
T. +34 881 542 813
xerencia.sergas@sergas.gal
www.sergas.gal

vulnerabilidade. O carácter estratéxico e transversal deste proxecto sitúa a intervención como unha potencial boa práctica en promoción da saúde e prevención."

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos do Sector Público, por la que se traspone al ordenamiento jurídico español las Directivas do Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria, en Santiago de Compostela.

Documento asinado dixitalmente por:
Luis León Mateos (19/11/2026 08:57 CET)
https://sede.xunta.gal/cve?idcve=SAOC-28de62be-76f4-4568-b6fa-ca798cac06e8